



ANUNCIO SOBRE CHAMAMENTO

COBERTURA DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO INTERINO (ART. 10.1.c DO TREBEP) A PARTIR DA BOLSA DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVOS/AS DO CONCELLO DE VIMIANZO

EXPEDIENTE: PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVOS/AS PARA O CONCELLO DE VIMIANZO

EXP. TEDEC: 2021/E001/000016

A Bolsa de Traballo de Administrativos/as foi aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 1255/2021 do 28/12/2021, corrixida pola Resolución de Alcaldía núm. 22/2022 do 11/01/2022, con sendos anuncios no Taboleiro da Sede do Concello de Vimianzo nas mesmas datas, segundo se reflexa na seguinte táboa:

	DNI	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1	***5564**	DIEGUEZ RODRIGUEZ	SONIA	56,58
2	***3366**	CASTIÑEIRA VILARIÑO	LAURA	53,01
3	***0565**	FERNANDEZ SANCHEZ	MARIA BELEN	44,60
4	***5038**	MUÑOZ FERNANDEZ	DAVID	43,50
5	***8008**	ARES CAMPELLO	SANDRA MARIA	41,64
6	***8594**	COIRA LÓPEZ	MARÍA JOSÉ	36,50
7	***3896**	RODRIGUEZ BENLLOCH	FERNANDO	36,00
8	***1131**	LAGO DOMINGUEZ	MARIA ISABEL	34,57
9	***7736**	GUERREIRO PANTALEON	ANA	30,50

Por providencia de Alcaldía do 04/11/2022 xustifícase a necesidade de contar con persoal administrativo para o desenvolvemento do programa “Seguimento da subvención IDAE e outras” durante un período estimado dun mes, sen prexuízo de prorrogar a vinculación estatutaria se perviven as circunstancias que así o motivan.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1350/2022 do 08/11/2022 acordouse o nomeamento de María Belén Fernández Sánchez para o posto de Administrativa segundo indica a base primeira das que regulan a creación dunha Bolsa de Traballo de Administrativo para o Concello de Vimianzo (BOP núm.. 196, do 14/10/2022), tendo en conta o artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto



Básico do Empregado Público, que contempla no punto 1 apartado c o nomeamento de funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1552/2022 do 12/12/2022 acordouse ampliar o prazo de execución do programa “Seguimento da subvención IDAE e outras” ata un período máximo que non exceda de tres anos.

Con data do 28/12/2022 a funcionaria interina María Belén Fernández Sánchez, con DNI ***05 65**, presentou a solicitude de baixa como administrativa por haber aceptado o chamamento para ocupar a praza de funcionaria interina de técnica superior de xestión económico-administrativa no Concello de Vimianzo.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1659/2022 do 28/12/2022 aprobouse o cese da funcionaria interina María Belén Fernández Sánchez na praza de Administrativa do programa “Seguimento da subvención IDAE e outras” e ordenouse o anuncio para o chamamento a partir da bolsa citada.

A base 8.2 establece que a renuncia ao posto de traballo farase de forma expresa. Para elo, o aspirante comunicará a súa renuncia ao posto nun intervalo máximo de 48 horas desde que se produce o chamamento, indicando, de ser o caso, a causa que a motiva.

Vimianzo, 30 de decembro de 2022

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electronicamente)